

[Accede](#)[Faite socia](#)[Pola sanidade  
pública](#)[Pemex](#)[#DefendeAGalega](#)[8M  
2020](#)[Coronavirus](#)[+ Mais](#)[Reportaxe](#) [Coronavirus](#) [Movementos sociais](#)

# As paredes falan no medio da epidemia: o 'Ola, veciñas' como forma de unión durante o confinamento

Marcos Pérez Pena [@marcosperezpena](#)

sábado 28, marzo 2020



Proxección sobre un edificio de Teis © Miriam Rodríguez

## PUBLICIDADE



**"Dada a actual situación na que nos atopamos, queremos lanzar un convite á creación de tecido veciñal, creando unha rede de apoio mutuo e coidados nos barrios", din as creadoras de 'Ola, Veciñas'**

Dende hai case dúas semanas vivimos confinados e confinadas nas nosas casas. Durante 24 horas ao día (ou case) a única vista de maior parte das persoas que habitan en cidades e vilas é a fachada do edificio de enfrente. Ás oito da tarde os aplausos dedicados ao persoal sanitario e a outros colectivos profesionais serven para rachar esta rutina e tamén para facer comunidade: decatármonos de que non estamos sós, de que o virus que ataca a todos e a todas tamén se superará entre todas e todos.

**A pasada semana un grupo de persoas en distintos puntos de Galicia, de Vigo a**

**Compostela ou O Porriño comenzando a proxectar nas fachadas que tiñan á vista unha serie de mensaxes, comenzado cuns sinxelos 'ola!' e 'ola, veciñas!'. O hashtag #olaveciñas comezou agrupar a todas estas accións, iniciadas polas artistas visuais e videocreadoras Laura Iturralde (Vigo) e a Bego Santiago (Compostela). 'Ola, veciñas' xorde "da reflexión colectiva acerca do que supón o illamento e a ausencia de contacto coa contorna. Dada a actual situación na que nos atopamos, queremos lanzar un convite á creación de tecido veciñal, creando unha rede de apoio mutuo e coidados nos barrios", explicaban hai uns días.**

A


**A iniciativa "busca tamén fomentar o diálogo entre a veciñanza como ferramenta para combater o medo e a desconfianza que pode provocar esta situación de confinamento"**

iniciativa, subliñaban, "**busca tamén fomentar o diálogo entre a veciñanza como ferramenta para combater o medo e a desconfianza que pode provocar esta situación de confinamento**" e engadían: "o noso principal vehículo de expresión son as videoproxeccións, e convidamos a persoas que usen este recurso ou que teñan algunha suxerencia a que contacten con nós".

O seu chamamento foi respondido por outros videocreadores e videocreadoras galegas, que xa estaban tamén preparando as súas propias proxeccións. Nos últimos días puidemos ver moitos exemplos en Compostela, Vigo, ou O Porriño. Na cidade olívica podemos ver este tipo

de imaxes en varios lugares, por exemplo no barrio de Teis, onde xa a pasada semana a creadora [Miriam Rodríguez](#) facía **un alegato en defensa do 'tecido de barrio' e en apoio da sanidade pública e dos seus e das súas profesionais.**

## Proxeccións contra o confinamento en Compostela



Proxección en Compostela



## A creatividade da Escola Unitaria

**Dende "Tendas pechando e o Corte Inglés abre os domingos" ata "A ver se nos están engordando para logo paparnos", as mensaxes no barrio de San Pedro**

En Compostela todos os días poucos minutos despois das oito da tarde (tras o aplauso colectivo) Fer comeza coas súas proxeccións dende a [Escola Unitaria](#) (Calzada de San Pedro. "Bego e Laura comenzaron isto e agora estade contaxiando moita xente", destaca en conversa con Praza.gal.

As mensaxes de Fer están a chamar a atención nas redes sociais pola súa variedade. Dos iniciais 'ola, veciñas' ou o 'Juancar Virus' que acompañou a cazolada de protesta contra o discurso do rei Felipe VI, nos últimos días pudemos ler **algunhas mensaxes más políticas** ("Feijoo, queda na casa", "Tendas pechando e o Corte Inglés abre os domingos", "Amancio Ortega me regaló un mechero pero me robó los porros") **e moitas más en clave de humor:** "A ver se nos están engordando para logo paparnos", "Marx, Lenin, Stalin, Britney Spears" (en referencia á transformación socialista da cantante estadounidense), "Erte o que hai, Misae" (para fans de Shin Chan) ou "Se fuches aos baños do Maycar, tranqui que vas saír desta" (que comprenderá quen vivira algún tempo en Compostela).

PUBLICIDADE



**As proxeccións sérvenlle a  
Fer para entrar en  
contacto cos veciños e  
veciñas. "Eu poño: cantos  
quilos engordastes xa? E  
comezan a contestar 'oito'  
ou 'catro'. É un xeito de  
interactuar "**

Así mesmo, proxecta de cando en cando imaxes de animais (gatos, monos...) que xogan uns minutos na parede de enfrente. A explicación a esta variedade temática é que Fer "acepta peticións". "**Nos grupos de whatsapp nos que estou, aviso de que se alguén quere propoñer algunha mensaxe, a proxecto, fago unha foto e un vídeo e despois llelos mando. Hai moitas mensaxes de ánimo para persoas que están enfermas**", comenta.

Que efecto provocan estas mensaxes? "Non sei que efecto provocan, pero creo que si xera reaccións na xente, algunas a favor e outras en contra, como con calquera mensaxe que poden ver en calquera medio", di Fer, que engade que cando menos "serven para matar o aburrimiento". Ademais, **as proxeccións sérvenlle a Fer para entrar en contacto cos veciños e veciñas. "Eu poño: cantos quilos engordastes xa? E comezan a contestar 'oito' ou 'catro'. É un xeito de interactuar con veciños que igual nin coñeces"**, explica.



Proxección no Porriño © Juanmalodo

## Mesmo en analóxico

No Porriño estamos a ver proxeccións algo más sinxelas, pero de gran formato. O seu responsable é o artista multidisciplinar [Juanma LoDo](#) e a simplicidade ten unha explicación: está a realizalas "cun retroproxeitor de opacos dos de toda a vida". "Hai pouco tempo roubáronme un proxector e unha parella de altofalantes que deixei no meu coche despois dunha actuación e impúxenme o reto de facer visuais en modo analóxico", explica en conversa con Praza.gal.

**"O obxectivo é crear comunidade tanto coas persoas que ven a proxección cada día desde as súas xanelas e balcóns, como quen chegan a elas polas redes sociais", di**

## Juanma LoDo

Juanma está en contacto con Laura Iturrealde e Bego Santiago e mais con [Marta Verde](#), outra artista, cofinada en Madrid, que tamén está a realizar proxeccións (mesmo levando o 'olaveciñas' en galego á capital do Estado). "Eu sumeime un pouco máis tarde, xa que ao non usar o computador e facelo a man tardei un pouco máis, primeiro en tomar as medidas da proxección e despois ao día seguinte en axustar as letras ata perfeccionalas", explica

**"O obxectivo é crear comunidade tanto coas persoas que ven a proxección cada día desde as súas xanelas e balcóns, como quen chegan a elas polas redes sociais"**, destaca Juanma. "Creo que o efecto é positivo, chéganme mensaxes de persoas do Porriño, de Galicia e do resto da Península, aínda que a mellor mensaxe foi un 'Por fin algo que se entende. Boísimo, Juanma!'. Está claro que moitas veces o noso traballo coa linguaxe visual sobre escenarios e en museos non chega de modo tan directo como un simple 'Ola!',", di.


"Pola miña banda tamén me fai sentir parte dunha comunidade e alegroume ver como cada día eramos más e gozar do traballo de diferentes artistas que xa coñecía e novas persoas que coñecín grazas a #olaveciñas", engade.

PUBLICIDADE

## PROGRAMA #AfundaciónEnCasa



NOVIDADES  
 XERAIS  
xerais@xerais.gal • www.xerais.gal



The link to this photo or video may be broken, or the post may have been removed.

[Visit Instagram](#)

 **tou\_pinha**  
Vigo, Spain

[View Profile](#)




The image shows a building facade with several large, glowing blue speech bubbles. One bubble says 'OLA VECINAS!!', another says 'VIVES SOA? PODOCHE AXUDAR??', a third says 'FALEMOS!', and a fourth says 'OLA!!!!'. Below these, the text 'OLA VECINAS!! #OLAVECINAS' is prominently displayed. A small graphic of a person looking out from a window is visible on the right. At the bottom, there is a row of five small white dots.

[View More on Instagram](#)

---

210 likes

Add a comment...



laura\_w\_z  
Teo, Galicia, Spain

[View Profile](#)


[View More on Instagram](#)

---

36 likes

Add a comment...

PUBLICIDADE





### Marcos Pérez Pena

Marcos Pérez Pena (Montevideo, 1980). Tras ter traballado en Vieiros.com e outros medios, en 2012 formou parte do equipo que puxo en marcha Praza. Doutor en Xornalismo pola USC, analizou na súa investigación o papel da prensa en Galicia durante a Transición.



**Ver comentarios**

PUBLICIDADE



## Conta Clara

- Sen comisións
- Alta 100% online en minutos!

condicións  
en abanca.com






# Grazas ás socias e socios editamos un xornal plural

As socias e socios de Praza.gal son esenciais para editarmos cada día un xornal plural. Dende moi pouco a túa achega económica pode axudarnos a sostener e ampliar a nosa redacción e, así, a contarmos máis, mellor e sen cancelas.

**Quero ser de Praza**

PUBLICIDADE



## MÁIS SOBRE CORONAVIRUS




Coronavirus Política

## Sánchez confirma a solicitud de prorrogar o estado de alarma polo coronavirus ata finais de abril

sábado 4, abril 2020

O presidente do Goberno central subliña que o "esforzo colectivo" do confinamento dá "os primeiros resultados" e "salva vidas", pero cómpre "algo máis de tempo" para evitar un novo abrolllo da pandemia máis "despiadado". Avanza ademais medidas para "desescalar" o confinamento, pero con "medidas de hixiene" adicionais ata que exista vacina para a covid-19



Datos Coronavirus Acontece

## Os positivos de coronavirus achéganse aos 5.000 e o ritmo de entrada en UCI é o menor dende o inicio da pandemia

sábado 4, abril 2020

Os falecementos pola covid-19 incluídos na estatística do Sergas son xa 168 e os positivos activos chegan aos 4.926

### Síguenos



### Sobre Praza

Fundación Praza Pública  
Contacto  
Licenzas  
Colofón

### Axuda

Como contratar publicidade en Praza.gal?  
Como escribir en Praza.gal?

### Todas as áreas

Política  
Deportes  
Ciencia e tecnoloxía  
Acontece

### Lugares

A Coruña  
Ferrol  
Lugo  
Ourense  
Pontevedra

Legal	Como se financia?	Cultura	Santiago
As cookies	Lecer		Vigo
In English	As contas de Praza	Mundo	
	Desgravación	Economía	
	de díaz	Movements	

Praza.gal usa cookies propias e de terceiros para o funcionamento e análise desta web. Deste xeito podemos mellorar a túa experiencia de navegación e uso. Ao continuar navegando entendemos que aceptas a nosa [política de cookies](#).

Acepto